

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

13207 *Real decreto 1084/2015, do 4 de decembro, polo que se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.*

A Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, ordena a relación entre os diferentes axentes que operan no sector cinematográfico. O sector caracterízase pola converxencia de elementos culturais e económicos que o singularizan e que xustifican a intervención dos poderes públicos tanto na definición dos aspectos xurídicos de interese xeral como a través da execución de diferentes medidas de fomento que permitan o seu desenvolvemento. En coherencia con estes principios, a Lei 55/2007, do 28 de decembro, establece as normas que prefiguran a cadea de valor das obras cinematográficas e audiovisuais, desde o nacemento da idea até o seu desenvolvemento e comercialización, e a súa posterior conservación.

O carácter dinámico deste sector, a súa permanente adaptación aos cambios tecnolóxicos e sociais, e a necesidade de acomodar a súa dimensión económica ás normas do mercado e ás capacidades reais de apoio desde o sector público motivaron, non obstante, recentes cambios legais nalgúns dos aspectos fundamentais que se regulaban na redacción orixinal da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

En particular, destacan dúas modificacións. A primeira, introducida pola Lei 18/2014, do 15 de outubro, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, que actualizou e axustou a propia Lei 55/2007, do 28 de decembro, ás exigencias da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado. A segunda, máis recente, que realiza o Real decreto lei 6/2015, do 14 de maio, polo que se modifica a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, se conceden varios créditos extraordinarios e suplementos de créditos no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas de carácter tributario, e que, por unha parte, adecua a normativa do sistema de axudas previsto na Lei 55/2007, do 28 de decembro, aos principios establecidos na «Comunicación da Comisión sobre a axuda estatal ás obras cinematográficas e outras producións do sector audiovisual», publicada no «Diario Oficial de la Unión Europea» do 15 de novembro de 2013 e, por outra parte, reordena o propio sistema de axudas e introduce cambios e melloras noutros ámbitos necesitados de actualización. Estes cambios na Lei 55/2007, do 28 de decembro, son os que, en primeiro lugar, exigen a adaptación das normas regulamentarias que no seu desenvolvemento se aprobaron a través do Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro.

Pero cómpre tamén mellorar algúns aspectos técnicos e procedementais que, non sendo en sentido estrito desenvolvementos dos cambios lexislativos introducidos, requiren a súa modernización e a revisión do seu contido esencial para incrementar a súa eficacia e simplificar o funcionamento dos mecanismos que os poderes públicos utilizan para o exercicio das súas potestades neste ámbito.

Este real decreto cumpre con ese dobre obxectivo de adaptación ás normas legais e mellora técnica mediante a derogación e substitución do Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que agora se aproba.

De acordo co exposto, este real decreto desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, nos aspectos relativos á cualificación das obras cinematográficas, á súa nacionalidade e á acreditación do seu carácter cultural; regula as coproducións con empresas estranxeiras; establece normas mínimas sobre a distribución e exhibición das obras cinematográficas en salas; aproba as liñas xerais das medidas de fomento previstas na lei, e regula o Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, o funcionamento dos órganos asesores con competencias consultivas nesta materia e revisa as normas de verificación e control da

actividade cinematográfica no ámbito das competencias da Administración xeral do Estado.

Tal e como se determina no seu capítulo I, o ámbito de aplicación do real decreto esténdese ás actividades cinematográficas e audiovisuais realizadas en España, de forma que se fomenta a visión pluricultural do noso país e se prevé a subscripción de acordos de colaboración entre os órganos das diferentes administracións co fin de articular criterios comúns de actuación e, así mesmo, evitar a posible duplicidade de cargas administrativas.

Na regulación das actuacións administrativas no sector da cinematografía e o audiovisual, recollidas no capítulo II do real decreto, optouse por simplificar e incrementar a seguridade xurídica dos procedementos de certificación da nacionalidade española das obras cinematográficas e audiovisuais e de obtención da cualificación por idades, principios que tamén se seguiron na revisión das normas que fixan o réxime xurídico das películas realizadas en coprodución. Neste mesmo capítulo, simplificáronse as normas que afectan os procesos de distribución e exhibición das obras cinematográficas, para eliminar requisitos non necesarios por non estaren directamente vinculados coas funcións de verificación das administracións competentes, co control de asistencia e rendemento das obras cinematográficas e coa información mínima que debe recibir o espectador na sala. Ademais, no ámbito da obrigação que concirne os poderes públicos para impulsar medidas que promovan a igualdade de oportunidades e de trato, así como o exercicio real e efectivo de dereitos por parte das persoas con discapacidade en igualdade de condicións respecto do resto dos cidadáns, amplíanse as obrigações para as salas de exhibición relativas á necesaria información sobre os servizos de accesibilidade dispoñibles, tanto nas películas como nas salas de exhibición. Así mesmo, na regulación que se realiza das exhibicións cinematográficas gratuítas efectuadas polas administracións públicas, inclúese a obrigatoriedade de que faciliten a accesibilidade á sala das persoas con discapacidade, ademais da necesaria comunicación de todos os servizos dispoñibles.

A directriz seguida no desenvolvemento das medidas de fomento que recolle o capítulo III do real decreto tamén foi a da simplificación. Así, en primeiro lugar, reordenáanse os mecanismos de fomento para adecuar o sistema de axudas á nova estrutura das subvencións orientadas á produción cinematográfica, tendo en conta que a desaparición das axudas á amortización e a súa substitución pola nova liña de axudas xerais para a produción de longametraxes sobre proxecto exige unha revisión dos requisitos xerais que ordenan o procedemento subvencional xeral ao tempo que unha adaptación ás condicións fixadas na «Comunicación da Comisión sobre a axuda estatal ás obras cinematográficas e outras producións do sector audiovisual», do 15 de novembro de 2013, que, entre outras cuestións, determina que sexan os Estados membros os que fixen as excepcións no importe máximo de axudas que se percibirán polas obras que teñan o carácter de obras difíciles. No proceso de revisión do réxime xeral das subvencións ao cinema, estableceuse, en segundo lugar, o principio de condicionalidade das axudas con posibilidade de reembolso das axudas recibidas segundo os resultados alcanzados polas producións beneficiadas. Ademais destes cambios, no capítulo recóllense as normas xerais para o acceso ás diferentes liñas de axudas e as obrigações que xera a condición de beneficiario, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pero deixando que sexan as bases reguladoras aprobadas na súa correspondente orde ministerial as que fixen os aspectos específicos e concretos de cada tipo de axudas, de tal forma que a súa regulación se poida adaptar máis facilmente á evolución das necesidades dos sectores a que van dirixidas.

Nos capítulos IV e V do real decreto tamén se opta por revisar con criterio simplificador os instrumentos de organización administrativa e de verificación e control. Así, co obxectivo de facer efectiva a redución de cargas administrativas xa introducidas na Lei 55/2007, do 28 de decembro, revísanse completamente a regulación do Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais e o procedemento e a eficacia das inscricións. Así mesmo, revísanse a composición e o funcionamento das comisións de asesoramento nos procedementos de cualificación e outorgamento de axudas á produción, e introdúcense algunhas melloras técnicas nos artigos dedicados á verificación, ao control e ao

procedemento sancionador que deben velar eficientemente polo cumprimento das obrigacións establecidas na Lei 55/2007, do 28 de decembro.

Na elaboración da presente norma foron consultadas as entidades representativas dos sectores afectados e as comunidades autónomas.

Este real decreto dítase ao abeiro da disposición derradeira cuarta da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, que habilita o Goberno para ditar as normas regulamentarias que requiran o seu desenvolvemento e aplicación.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto o desenvolvemento da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, nas seguintes materias:

- a) As normas que regulan a actuación administrativa sobre a actividade cinematográfica e audiovisual.
- b) As medidas de fomento da actividade cinematográfica e audiovisual promovidas pola Administración xeral do Estado, así como as disposicións de organización administrativa, verificación e control que lle corresponde exercer no ámbito das súas competencias.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto é de aplicación ás actividades de creación, produción, distribución e exhibición cinematográfica e audiovisual, así como ás industrias técnicas conexas que sexan desenvoltas por persoas físicas residentes en España e por persoas xurídicas españolas e nacionais doutros Estados membros da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo establecidas en España de conformidade co ordenamento xurídico.

Artigo 3. *Órganos competentes.*

1. Corresponde ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, por medio do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, o exercicio das funcións estatais que se regulan neste real decreto.

2. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e os órganos competentes das comunidades autónomas poderán colaborar establecendo os acordos que sexan necesarios para articular criterios comúns de actuación e evitar a posible duplicidade de cargas administrativas.

3. As medidas de fomento previstas no capítulo III establécense sen prexuízo das que poidan realizar as comunidades autónomas no ámbito das súas respectivas competencias, que se rexerán pola súa normativa propia, polas normas de dereito comunitario e pola propia Lei 55/2007, do 28 de decembro, no que resulte de aplicación.

CAPÍTULO II

Actuacións administrativas no sector da cinematografía e o audiovisual

Artigo 4. *Potestades administrativas.*

O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais exercerá as seguintes potestades en relación coas actividades cinematográficas e audiovisuais:

- a) Certificar a nacionalidade española das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais.
- b) Outorgar a cualificación por idades das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais.
- c) Aprobar os proxectos de coprodución internacional das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais realizadas neste réxime.
- d) Verificar o cumprimento das obrigacións legais e regulamentarias establecidas no desenvolvemento das actividades de produción, distribución e exhibición cinematográfica e audiovisual, así como as derivadas do acceso ás medidas de fomento reguladas no capítulo III.
- e) A xestión do Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais.

Sección 1.^a A produción de películas cinematográficas e outras obras audiovisuais

Artigo 5. *Certificado de nacionalidade española.*

1. O certificado de nacionalidade española das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais a que se refire o artigo 5 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, será expedido polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou polo órgano correspondente da comunidade autónoma con competencia na materia.

A expedición do certificado de nacionalidade das series de televisión deberase realizar por cada temporada, para o cal o solicitante deberá especificar o número de episodios que a integran.

2. O certificado de nacionalidade expedirase, por solicitude da empresa produtora ou da distribuidora, unha vez finalizada a produción da obra cinematográfica ou audiovisual. A dita solicitude poderase presentar ao mesmo tempo que a solicitude de cualificación.

3. No ámbito de competencias do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, para verificar o cumprimento dos requisitos para a obtención da nacionalidade enumerados no artigo 5 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, o solicitante deberá achegar:

- a) A ficha técnico-artística da película, na cal conste a nacionalidade do persoal creativo de carácter técnico, así como o resto de persoal técnico.
- b) Os lugares de rodaxe. Se a rodaxe se realizou fóra da Unión Europea, deberase motivar que obedece a exixencias do guión.
- c) Os laboratorios e estudos de posprodución que interviñeron na súa realización.
- d) A versión orixinal de realización.

O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais poderá solicitar, se for o caso, unha copia da película ou episodios que integran a temporada. No caso das series de televisión, os requisitos das letras a), b) e c) do artigo 5.1 da lei estarán referidos ao conxunto dos episodios que integran a temporada.

4. O certificado será expedido no prazo máximo dun mes contado desde a presentación da solicitude. No caso das series de televisión, o certificado de nacionalidade será expedido no prazo máximo dun mes cando o número de episodios da temporada sexa inferior ou igual a vinte, e no prazo máximo de dous meses cando o dito número sexa superior. Transcorridos estes prazos sen resolución, entenderase outorgada a nacionalidade española.

5. O certificado de nacionalidade será requisito necesario para a obtención das axudas previstas na Lei 55/2007, do 28 de decembro. A non obtención do certificado de nacionalidade pola obra producida será causa para o reintegro da axuda recibida.

Artigo 6. *Cualificación por idades.*

1. Antes de proceder á súa comercialización, difusión ou publicidade, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou o órgano correspondente da comunidade autónoma con competencia na materia, deberá outorgar ás películas cinematográficas e outras obras audiovisuais unha cualificación por grupos de idade, segundo a seguinte clasificación:

- a) Apta para todos os públicos.
- b) Non recomendada para menores de sete anos.
- c) Non recomendada para menores de doce anos.
- d) Non recomendada para menores de dezaseis anos.
- e) Non recomendada para menores de dezaioito anos.
- f) Película X.

2. No momento da cualificación poderanse outorgar á obra, cando corresponda, os seguintes distintivos nas condicións que a continuación se especifican:

- a) «Especialmente recomendada para a infancia». Este distintivo poderase outorgar ás obras con cualificacións de «apta para todos os públicos» ou «non recomendada para menores de sete anos».
- b) «Especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero». Este distintivo poderase outorgar ás obras con todas as cualificacións excepto a de «película X».

3. As cualificacións das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais outorgadas polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou polos órganos correspondentes das comunidades autónomas con competencia na materia terán validez en todo o territorio español. Cando a cualificación a realice a comunidade autónoma, establecerase de común acordo co Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais un número de expediente único para identificar a mencionada cualificación.

4. Estarán exceptuadas do disposto nos números anteriores, e rexeranse pola súa normativa específica, as películas para televisión e as series de televisión, así como aquelas outras obras audiovisuais creadas para a súa divulgación a través de medios en que a súa regulación específica prevexa sistemas de autorregulación, códigos de conduta ou outros mecanismos para o control dos contidos divulgados polos ditos medios, que se rexerán polo disposto na dita normativa específica. Non obstante o anterior, cando as ditas obras resulten beneficiarias dalgunha axuda recollida no capítulo III da Lei 55/2007, do 28 de decembro, serán obxecto de cualificación polo ICAA.

Artigo 7. *Procedemento de cualificación efectuado polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.*

1. A cualificación por idades solicitará a empresa produtora ou distribuidora da película cinematográfica ou outra obra audiovisual mediante solicitude dirixida ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, segundo o modelo que estará dispoñible na súa sede electrónica, e que se poderá presentar no Rexistro Xeral ou no Rexistro Electrónico do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou a través dos procedementos regulados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Á solicitude xuntarase:

- a) Proposta do grupo de idade concreto para o cal se solicita a cualificación.
- b) Copia íntegra da obra, en calquera soporte, con idéntico contido ao que vaia ser exhibido en salas ou comercializado noutro ámbito.

c) Memoria en que se detalle o título orixinal e de comercialización, empresa distribuidora, e/ou produtora no caso de películas españolas, ano de produción, director e sinopse argumental da obra, así como a súa duración e/ou a metrxaxe, segundo o soporte de que se trate.

d) Se a lingua orixinal non é o castelán, texto completo dos diálogos traducido para o castelán.

e) Cando se trate de obras non españolas, certificado de nacionalidade da obra expedido polo organismo oficial competente do país de produción ou, na súa falta, documento acreditativo desta legalizado no país de produción que conteña, ao menos, os datos especificados na letra c) que poidan ser coñecidos no país de orixe.

f) Xustificante do aboamento da taxa correspondente.

g) Para efectos de acreditar a lícita tenza dos dereitos presentárase o contrato de distribución da película, certificación do Rexistro da Propiedade Intelectual en que conste a súa inscrición ou outra documentación que o acredite fidedignamente. Se a lingua orixinal destes documentos non é o castelán estes presentáranse, ademais, traducidos para esta lingua.

O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais poderá valorar a identificación da obra audiovisual mediante códigos ou rexistros internacionais emitidos por entidades recoñecidas ou, no ámbito nacional, pola certificación emitida por entidades xestoras de dereitos ou asociacións representativas da distribución de obras audiovisuais.

2. Mediante orde ministerial, por proposta do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, aprobaranse os criterios que sirvan de base en todo o territorio nacional á cualificación das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais, así como os supostos en que se poderá tomar en consideración a cualificación previa que obtívese a obra procedente dunha autoridade audiovisual noutro Estado.

A motivación dos informes que realicen os vogais integrantes da Comisión de Cualificación de Películas Cinematográficas realizaranse de acordo cos indicados criterios.

As solicitudes que presenten os interesados efectuaranse, así mesmo, tendo en conta os criterios de cualificación, en canto ao grupo de idade proposto. No caso de que o solicitante propoña a cualificación de «película X», o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais asumirá a cualificación solicitada, salvo decisión motivada do titular da súa dirección xeral.

3. A Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ditará, logo do informe da Comisión de Cualificación, a resolución en que se indicará o grupo de idade outorgado á obra cinematográfica ou audiovisual para calquera ámbito no cal se vaia comercializar, xa sexa cinematográfico ou non cinematográfico, e que será o que corresponderá á obra durante toda a súa explotación comercial, con independencia das sucesivas transmisións de dereitos de explotación sobre esta que se poidan producir, e salvo que proceda a súa revisión conforme o establecido no número seguinte.

A cualificación deberase ditar e notificar ao solicitante no prazo máximo dun mes contado desde a presentación da solicitude. Transcorrido o mencionado prazo sen resolución expresa, entenderase outorgada a cualificación proposta polo solicitante. A resolución, que pon fin á vía administrativa, indicará os recursos que procedan contra ela e os prazos para a súa interposición.

4. No caso de películas cinematográficas ou outras obras audiovisuais cuxa cualificación quedase obsoleta polo paso do tempo, poderase solicitar a súa revisión empregando este mesmo procedemento. Estarán facultados para efectuar a dita solicitude, ademais da empresa produtora ou a distribuidora, os prestadores do servizo de comunicación audiovisual televisiva que acrediten estar autorizados para a emisión da obra.

Artigo 8. *Publicidade da cualificación por idades.*

1. As empresas distribuidoras deberán comunicar de maneira fidedigna e con antelación o contido da resolución de cualificación por idades das películas ou obras

audiovisuais aos suxeitos obrigados a facelas públicas, que son todos aqueles que leven a cabo actos de comercialización, distribución, comunicación pública, publicidade, difusión ou divulgación por calquera medio destas obras, incluídas as empresas que presten servizos de vídeo baixo demanda ou os titulares de sitios web, entre os que se encontran os que ofrecen listas ordenadas e clasificadas de enlaces a outros sitios web ou servidores onde se aloxen as obras cinematográficas ou audiovisuais.

2. As cualificacións por idades que obtivesen as películas cinematográficas e outras obras audiovisuais en España deberán facelas chegar a coñecemento do público os suxeitos obrigados a que se refire o número anterior, de maneira ben visible e adecuada ao medio ou sistema de que se trate indicando, ademais, o número do expediente de cualificación e a autoridade que o expedise. As ditas cualificacións outórganse a título orientativo, excepto a cualificación «película X», que está destinada exclusivamente para maiores de 18 anos, o que se debe indicar expresamente nos actos de comercialización deste tipo de obras, así como cumprir para a súa exhibición, publicidade ou presentación co establecido nos números 2 e 3 do artigo 9 da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

3. A comunicación ao público da cualificación dos avances das películas cinematográficas deberá reflectir de forma clara e diferenciada cal é a cualificación obtida polo avance e cal a correspondente á película. De acordo co disposto no artigo 8.3 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, como excepción ao réxime xeral de cualificación, permítese a exhibición do avance dunha película que aínda non fose cualificada. Nestes casos, xunto coa cualificación que recibise o avance, indicarase: «película pendente de cualificación».

4. De acordo co disposto no artigo 8.3 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, non necesitarán obter cualificación previa as películas cinematográficas para os exclusivos efectos da súa exhibición pública no seo de festivais cinematográficos.

Sección 2.^a Películas cinematográficas e outras obras audiovisuais realizadas en réxime de coprodución con empresas estranxeiras

Artigo 9. Réxime xeral.

1. As películas cinematográficas e outras obras audiovisuais que se realicen en réxime de coprodución con empresas estranxeiras rexeranse polos correspondentes convenios internacionais de ámbito multilateral ou bilateral e, na súa falta ou na falta de previsión expresa neles, polo establecido nesta sección.

2. Os proxectos de coprodución aprobados polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou polo órgano correspondente da comunidade autónoma con competencia na materia terán a consideración de películas cinematográficas e outras obras audiovisuais españolas e poderán acceder ás axudas públicas financiadas polas administracións públicas de maneira proporcional á participación do coprodutor español ou con domicilio ou establecemento permanente en España nos termos do artigo 2.

Artigo 10. Requisitos para a coprodución.

1. Para a aprobación dos proxectos de coprodución, as películas cinematográficas e obras audiovisuais obxecto destes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Que sexan consideradas nacionais nos países coprodutores e se poidan beneficiar con pleno dereito das vantaxes concedidas ás películas cinematográficas e outras obras audiovisuais de cada país polas súas respectivas lexislacións.

b) Que sexan realizadas por persoal creativo, segundo a definición do artigo 4.j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e resto de persoal técnico, que posúa a nacionalidade dalgún dos países a que pertencen os coprodutores. Non obstante, permítese que até un 10 por 100 do persoal creativo sexa de nacionalidade non comunitaria ou non pertencente aos países coprodutores.

c) Que a proporción en que participen os países oscile entre o 20 e o 80 por 100 do orzamento da película cinematográfica ou outra obra audiovisual. No caso das

coproducións multipartitas, a participación menor non poderá ser inferior ao 10 por cento e a maior non poderá exceder o 70 por cento do dito orzamento.

2. As solicitudes de aprobación dunha coprodución internacional que se dirixan ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais axustaranse ao modelo que estará dispoñible na súa sede electrónica e poderanse presentar no Rexistro Xeral ou no Rexistro Electrónico do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou a través dos procedementos regulados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Á solicitude xuntaranse:

a) Documento acreditativo da cesión do autor ou autores do guión ou, se for o caso, da opción ou cesión da obra preexistente, e certificación acreditativa da inscrición do guión no Rexistro da Propiedade Intelectual.

b) Guión da película cinematográfica ou da outra obra audiovisual e plan de rodaxe.

c) Orzamento económico do proxecto, segundo modelo oficial, indicando as partidas e conceptos que corresponden a cada país participante na coprodución.

d) Relación nominal do persoal creativo segundo a definición do artigo 4.j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e resto de persoal técnico, con expresión da súa nacionalidade.

e) Contrato de coprodución en que se especificarán os pactos das partes relativos aos diferentes aspectos que se regulan neste real decreto, con indicación precisa da participación de cada coprodutor, as achegas de persoal creativo segundo a definición do artigo 4.j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e resto de persoal técnico, as transferencias monetarias de cada coprodutor e repartición de mercados e beneficios. Cando o contrato de coprodución estea redactado en lingua distinta ao castelán, presentarase, ademais, unha tradución para esta lingua.

3. A aprobación do proxecto de coprodución deberase solicitar ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou ao órgano autonómico correspondente antes do inicio da rodaxe da película cinematográfica ou da outra obra audiovisual pola empresa produtora. As solicitudes presentadas despois de se iniciar a dita rodaxe serán desestimadas.

Artigo 11. *Achegas.*

1. A porcentaxe de participación de cada coprodutor na coprodución, determinada pola súa participación económica nela, implicará necesariamente achegas efectivas proporcionais de carácter creativo, técnico e de servizos, así como de lugares de rodaxe en exteriores ou interiores, coas excepcións establecidas no número 4.a).

Non obstante o anterior, excepcionalmente e sempre que se trate de coproducións cunha participación española superior ao 50 por 100, o coprodutor español, ou empresa non española nacional de Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo con sucursal en España, poderá efectuar achegas monetarias ao outro ou outros coprodutores que non superen o 50 por 100 da cuantificación económica das mencionadas achegas creativas, técnicas e de servizos. As ditas achegas, sempre que estean expresamente recollidas no contrato de coprodución presentado e sexan aprobadas no proxecto, poderán computar como custo recoñecible do coprodutor español de acordo co previsto no artigo 13 da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

2. Cada coprodutor deberase facer cargo, como norma xeral, dos gastos correspondentes ao persoal creativo segundo a definición do artigo 4.j) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e ao resto de persoal técnico da súa propia nacionalidade, e non se recoñecerán como achegas da parte española para efectos de recoñecemento de custo as partidas e os conceptos que figuren no proxecto a cargo doutro país coprodutor.

Para efectos das axudas públicas que poida xerar no seu día a película cinematográfica ou outra obra audiovisual, poderá integrar o custo asumido polo coprodutor español ou empresa non española nacional de Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo con sucursal en España, a participación de persoal creativo que fose

admitida como excepción segundo o disposto na letra b) do artigo 10.1 sempre que se trate de persoal pertencente a países da Unión Europea. En ningún caso se recoñecerán como parte do custo español os gastos derivados de persoal pertencente a países extracomunitarios.

3. A achega do coprodutor español minoritario deberá comportar, ao menos, a participación dun autor, entendendo por tal o director, o guionista, o director de fotografía e o compositor da música; dous actores e un creativo de carácter técnico. A participación efectiva do persoal no conxunto das mencionadas categorías deberá ser proporcional á porcentaxe de participación española na coprodución.

4. Os traballos de rodaxe e de posprodución deberán ser realizados respectando as disposicións seguintes:

a) As rodaxes deben ter lugar preferentemente no país do coprodutor maioritario, salvo que o contido do guión exixa que se rode noutro lugar.

b) Os traballos de posprodución serán efectuados preferentemente nos estudos e laboratorios do país maioritario. En caso de que o coprodutor maioritario sexa nacional dun Estado da Unión Europea, poderán ser efectuados en calquera dos países membros.

c) A tiraxe das copias ou a elaboración de calquera soporte susceptible de reprodución poderase efectuar en calquera dos países coprodutores. En caso de que un ou varios dos coprodutores sexan nacionais de países membros da Unión Europea, os ditos traballos poderanse realizar en calquera dos Estados membros.

Artigo 12. *Coproducións financeiras.*

1. Poderán ser aprobados como proxectos de coprodución aqueles en que existan unha ou varias participacións limitadas a unha achega financeira e que reúnan simultaneamente as condicións seguintes:

a) Que o proxecto estea en condicións de obter a aprobación do país cuxo coprodutor sexa maioritario.

b) Que cada unha das participacións minoritarias limitadas ao ámbito financeiro non sexa inferior ao 10 por cento nin superior ao 25 por cento do orzamento do proxecto.

2. No caso de coproducións bipartitas, procurarase que no conxunto de proxectos destas características que sexan aprobados se observe unha alternancia entre a participación maioritaria e a minoritaria dos países coprodutores. Igualmente, procurarase que as súas achegas financeiras no conxunto dos ditos proxectos resulten globalmente equilibradas.

Artigo 13. *Resolución.*

1. A resolución sobre a aprobación do proxecto de coprodución será efectuada polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais ou polo órgano correspondente da comunidade autónoma con competencia na materia, e levará implícita a concesión provisional da nacionalidade española da película cinematográfica ou outra obra audiovisual para efectos da eventual solicitude das medidas de fomento que poidan ser de aplicación.

O recoñecemento definitivo da nacionalidade española outorgarase cando a película se presente a cualificación, sempre e cando se adecue ao proxecto aprobado no seu día tanto no que se refire ás achegas creativas e técnicas como ás financeiras, e deberá figurar nos seus títulos de crédito que se trata dunha coprodución co nome das empresas coprodutoras e dos países participantes. No caso contrario, o certificado provisional de nacionalidade española quedará sen efecto e a película non poderá acceder ás medidas de fomento que lle poderían corresponder.

2. No ámbito de competencias do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, a súa dirección xeral ditará e notificará a resolución sobre a aprobación do proxecto de coprodución no prazo máximo de dous meses contados desde a presentación

da solicitude. Transcorrido o prazo mencionado sen resolución expresa, entenderase aprobado. A resolución, que pon fin á vía administrativa, indicará os recursos que procedan contra ela e os prazos para a súa interposición.

Artigo 14. *Especialidades en materia de axudas públicas.*

1. As axudas económicas que a lexislación vixente conceda ao coprodutor español ou con domicilio ou establecemento permanente en España nos termos do artigo 2, e os consecuentes dereitos e obrigacións, seranlle atribuídas ao dito coprodutor exclusivamente e non se admitirá pacto en contrario.

2. O custo da participación española nunha película cinematográfica ou outra obra audiovisual será o que sirva de base para o computo das axudas á produción que esta poida xerar logo da acreditación e recoñecemento do custo, de acordo co artigo 13 da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

No caso de ter efectuado transferencias monetarias a outro país para a realización da película cinematográfica ou doutra obra audiovisual, previstas no artigo 11.1, deberase xustificar mediante a documentación acreditativa da transferencia bancaria, ou calquera outro sistema de pagamento internacional recoñecido legalmente, efectuado a favor da empresa coprodutora estranxeira, a recepción pola súa parte e unha certificación desta comprensiva dos conceptos en que foi aplicada. En ningún caso se poderá aplicar esta achega monetaria a pagamentos de persoal de nacionalidade do país coprodutor.

Os cobramentos e pagamentos entre residentes e non residentes que sexan consecuencia da coprodución de películas cinematográficas ou outras obras audiovisuais rexeranse pola lexislación sobre transaccións económicas no exterior.

Sección 3.ª Exhibición cinematográfica

Artigo 15. *Exhibición de películas cinematográficas.*

1. A actividade de exhibición de películas cinematográficas require dunha comunicación previa dirixida ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, ou ao órgano correspondente da comunidade autónoma que teña establecido o seu rexistro propio, de conformidade co artigo 15 da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

2. Os titulares das salas de exhibición deberán dirixir ao órgano correspondente a dita comunicación previa, que, cando se trate do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, se axustará ao modelo que estará dispoñible na súa sede electrónica e que conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) Datos correspondentes á personalidade e capacidade de obrar do titular da sala de exhibición.
- b) Datos correspondentes aos representantes ou apoderados con capacidade para actuar no seu nome.
- c) Datos do cinema e das salas que explota.

3. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais poderá requirir os titulares das salas para que acheguen a documentación acreditativa da información contida na comunicación previa, para efectos da súa verificación. Calquera modificación que se produza nos datos inicialmente comunicados deberá ser obxecto dunha nova comunicación.

4. O inicio da actividade de exhibición poderase producir desde o mesmo día da presentación da comunicación previa, sen prexuízo do establecido no artigo 71 bis.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 16. *Información para o espectador.*

1. Os titulares das salas de exhibición deberán expor de forma accesible para persoas con discapacidade e en lugar claramente visible dos despachos de billetes a seguinte información para o espectador:

a) A cualificación das películas por grupos de idade, incluíndo as curtametraxes e, se for o caso, dos avances que formen parte do programa. A dita cualificación deberá ser comunicada ás salas de exhibición polas empresas distribuidoras das películas programadas.

b) O prezo das localidades.

c) A prohibición de introducir cámaras ou calquera tipo de instrumento destinado a gravar imaxe ou son, establecida no artigo 15.3 da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

d) Os servizos de accesibilidade dispoñibles, tanto nas películas como nas salas, así como o medio de acceso a estes, indicando as datas, horarios e salas dos pases con accesibilidade.

2. Os titulares das salas de exhibición deberán emitir e facilitar aos espectadores, previamente á súa entrada nelas, os correspondentes títulos de acceso, que poderán ser expedidos en soporte papel ou ben exclusivamente por medios electrónicos. En todos os supostos en que o espectador desfrute dun título que o habilite para non aboar o importe íntegro da súa localidade, deberase trocar por un título de acceso ao cal se lle debe asignar un contravalor.

3. Os títulos de acceso ás salas de exhibición cinematográfica deberán conter como mínimo os seguintes datos:

a) Denominación da empresa ou do titular da sala de exhibición e número de identificación fiscal.

b) Nome da sala, enderezo e municipio.

c) Clase de localidade a que dá dereito.

d) Identificador alfanumérico que impida duplicidades dentro dunha sesión.

e) Título da película.

f) Prezo, co IVE, ou imposto específico dunha comunidade autónoma, incluído. O prezo unicamente irá referido ao dereito de acceso ao visionado da película, excluído o importe que poida corresponder á venda doutros produtos ou á prestación doutros servizos.

g) Data e hora da sesión para a cal o título é válido.

4. Deberase expedir un título individual de acceso á sala por espectador. Compórase de dúas partes, unha destinada ao espectador e a outra reservada para control da sala. A parte reservada a control deberase conservar durante un mes no propio local de exhibición de forma separada para cada día de exhibición, á disposición do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais. No caso de entrada inmaterial transmitida ao espectador por medios electrónicos, a parte reservada ao control da sala entenderase referida ao arquivo ou arquivos electrónicos en que conste o rexistro individualizado da dita entrada inmaterial.

Artigo 17. *Información sobre asistencia e rendementos.*

1. Os titulares das salas de exhibición cinematográfica deberán formalizar e facer chegar ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais informes de exhibición nos cales deberá figurar a declaración da totalidade das películas cinematográficas programadas, o número de títulos de acceso xerados e a recadación obtida en cada sesión.

As entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual sobre obras audiovisuais, que obtivesen a autorización prevista no artigo 147 do texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril, terán acceso aos

datos contidos nos informes de exhibición a través do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

2. Os informes de exhibición presentaranse ao Instituto por medios electrónicos, de acordo co artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Mediante orde ministerial estableceranse os requisitos, información e datos que deberán incorporar os informes, así como a forma de remisión, xa sexa directamente a través da correspondente sede electrónica, xa coa concorrencia de programas informáticos previamente homologados polo Instituto para tal fin, de acordo cos requisitos e funcionalidades técnicas que se especifiquen e cos supostos en que se determine obrigatorio o seu uso polas salas de exhibición cinematográfica.

3. A información sobre a asistencia e os rendementos das obras cinematográficas poderase completar coa información subministrada ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais por entidades especializadas na obtención deste tipo de datos, que teñan implantación en toda España e solvencia profesional recoñecida.

4. As salas de exhibición establecidas nunha comunidade autónoma que, en razón da súa competencia, ditase normas en materia de control de asistencia e rendementos das obras cinematográficas, rexeranse pola súa normativa propia, sen prexuízo dos mecanismos de colaboración que establezan o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e as administracións autonómicas.

Artigo 18. *Exhibicións cinematográficas efectuadas polas administracións públicas.*

1. As administracións públicas soamente poderán efectuar proxeccións cinematográficas gratuítas ou con prezo simbólico cando cumpran os seguintes requisitos:

- a) Contar, en todo caso, coas necesarias autorizacións previas dos titulares dos correspondentes dereitos de comunicación pública sobre as obras e gravacións audiovisuais proxectadas.
- b) Cumprir as obrigacións de publicidade da cualificación por idades das películas.
- c) Que as películas obxecto de exhibición teñan unha antigüidade superior a 12 meses desde a súa estrea en salas de exhibición. Se a antigüidade é inferior deberán contar coa comunicación favorable a que se refire o número 2.
- d) Facilitar a accesibilidade á sala de exhibición das persoas con discapacidade, así como comunicar os servizos de accesibilidade dispoñibles.

2. Antes de que unha Administración pública programe a proxección, gratuíta ou con prezo simbólico, de películas cuxa antigüidade sexa inferior aos 12 meses desde a súa estrea en salas de exhibición, deberase dirixir cunha antelación mínima de 15 días ás entidades representativas dos exhibidores cinematográficos e do sector videográfico co obxecto de que estas lles comuniquen motivadamente se se ocasiona ou non prexuízo nas actividades dos seus representados. A comunicación efectuarase no prazo máximo de 10 días desde a recepción da solicitude e motivarase atendendo, ao menos, aos seguintes aspectos:

- a) Número de salas de exhibición establecidas no ámbito territorial da Administración pública solicitante.
- b) Coincidencia temporal entre a programación proposta e a establecida polas salas comerciais.
- c) Número de establecementos de venda e/ou alugamento videográfico existentes no ámbito territorial da Administración pública solicitante.

3. Para os efectos do disposto neste artigo, enténdese por prezo simbólico o importe inferior á décima parte do prezo medio anual da entrada nas salas de exhibición do ámbito territorial da Administración pública de que se trate correspondente ao ano anterior, de conformidade coa información facilitada polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais por requirimento da dita Administración pública.

Artigo 19. *Festivais e filmotecas.*

As actividades de exhibición cinematográfica organizadas por festivais e por filmotecas oficialmente recoñecidas por algunha Administración pública rexeranse polas súas normas específicas.

CAPÍTULO III

Medidas de fomento

Artigo 20. *Marco normativo.*

1. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, de conformidade coas súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá convocar as liñas de axudas previstas no capítulo III da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

2. O réxime de axudas estatais de xestión centralizada previsto no citado capítulo rexerase, ademais de polo disposto neste real decreto e nas súas correspondentes bases reguladoras, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, e pola normativa comunitaria aplicable na materia.

Artigo 21. *Intensidade das axudas á produción.*

1. O total da contía das axudas á produción non poderá superar o 50 por 100 do orzamento de produción, entendéndose por tal, para estes efectos, o custo da película recoñecido polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, de acordo coa normativa reguladora da dita materia, excepto nas producións transfronteirizas financiadas por máis dun Estado membro da Unión Europea e nas cales participen produtores de máis dun Estado membro en que o total das axudas poderá alcanzar o 60 por 100 do custo recoñecido.

2. De acordo coas disposicións da Unión Europea nesta materia, exceptúanse da aplicación destes límites as producións que teñan a consideración de obra audiovisual difícil. Terán a consideración de obra audiovisual difícil:

a) As curtametraxes, que poderán recibir axudas públicas até o 75 por 100 do custo recoñecido.

b) As producións dirixidas por un novo realizador cuxo orzamento de produción non supere os 300.000 euros, que poderán recibir axudas públicas até o 70 por 100 do custo recoñecido.

c) As obras audiovisuais rodadas nalgunha das linguas cooficiais distintas ao castelán que se proxecten en España no dito idioma cooficial ou subtulado, que poderán recibir axudas públicas até o 60 por 100 do custo recoñecido.

Artigo 22. *Excepción cultural.*

1. Só se poderán conceder axudas á produción daquelas obras cinematográficas e audiovisuais que teñan acreditado o seu carácter cultural en atención ao seu contido, a súa vinculación coa realidade cultural española ou a súa contribución ao enriquecemento da diversidade cultural das obras cinematográficas que se exhiben en España.

2. No caso das axudas xerais á produción de longametraxes sobre proxecto, a acreditación do seu carácter cultural deberase recoñecer mediante a expedición polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais do certificado cultural correspondente. Os requisitos e o procedemento para a súa obtención estableceranse nas bases reguladoras destas axudas.

3. No suposto de investimentos en producións de longametraxes e de series audiovisuais de ficción, animación ou documental, para as cales non se soliciten axudas á produción pero requiran certificar o seu carácter cultural para se acoller ás deducións

previstas na normativa tributaria, o certificado cultural solicitarase ante o Instituto da Cinematografía e as Artes Audiovisuais, que resolverá valorando a concorrencia dos requisitos referidos no número anterior.

Artigo 23. Procedemento de concesión e convocatorias.

1. O procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e, se for o caso, con rateo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Os procedementos de concesión das axudas iniciaranse de oficio, mediante convocatoria publicada no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 24. Requisitos para obter a condición de beneficiarios.

1. Ademais de reunir os requisitos específicos que se detallan nas bases reguladoras correspondentes, son requisitos xerais para obter a condición de beneficiario, sen prexuízo do establecido no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, os seguintes:

a) Ter a residencia ou establecemento en España no momento da percepción efectiva das axudas.

b) Realizar actividades de creación, produción, distribución e exhibición cinematográfica ou audiovisual, ou actividades económicas conexas.

c) Que as axudas se destinen a financiar obras cinematográficas ou audiovisuais que teñan nacionalidade española, incluídas as coproducións, e revistan carácter cultural.

As agrupacións de interese económico cuxo obxecto social, segundo a súa inscrición no Rexistro Mercantil, sexa a realización de actividades de produción, distribución, exhibición cinematográfica ou industrias técnicas conexas poderán optar ás axudas que poidan corresponderlles en función da actividade que desenvolvan en igualdade de condicións que o resto das empresas que leven a cabo a dita actividade.

2. Para o acceso ás axudas á produción, as empresas produtoras solicitantes deberán, ademais:

a) Ser titulares dos dereitos de propiedade das obras, de acordo co establecido no artigo 24.2 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e manter a dita titularidade durante un período mínimo de tres anos.

b) Estar ao día no pagamento das obrigacións contraídas co persoal creativo, técnico e industrias técnicas, segundo dispón o artigo 24.3 da dita lei, e achegar declaración responsable sobre estes aspectos, que poderán ser comprobados pola Administración polo seu requirimento.

3. No caso das axudas xerais e selectivas para a produción de longametraxes sobre proxecto ao menos o 50 por 100 dos gastos orzados deberanse realizar en España ou reverter en autores ou en equipos artísticos, técnicos e de servizos españois.

Artigo 25. Obrigacións xerais dos beneficiarios.

Ademais das obrigacións específicas que se concreten nas bases reguladoras para cada tipo de axuda, e de conformidade co establecido no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, todos os beneficiarios quedarán obrigados con carácter xeral a:

a) Acreditar a realización da actividade, así como achegar os documentos que lles sexan requiridos polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais para xustificar a aplicación dos fondos recibidos, en especial a documentación acreditativa do custo de produción ou do investimento realizado na actividade obxecto da axuda.

b) Pór á disposición do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e, se for o caso, para efectos do control financeiro que corresponda á Intervención Xeral do Estado e ao Tribunal de Contas, os libros contables, rexistros e demais documentos debidamente

auditados nos termos exixidos pola lexislación aplicable, así como conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos mentres poidan ser obxecto das ditas actuacións.

c) Comunicar ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades subvencionadas tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos.

d) Difundir a colaboración do Goberno de España/Ministerio de Educación, Cultura e Deporte/Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, na realización da actividade obxecto da axuda.

e) Autorizar o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais para facer uso das películas cinematográficas e outras obras audiovisuais nas súas actividades de promoción, dentro do territorio español e no exterior, para utilizar as súas imaxes e avances para a súa difusión a través da sede electrónica do Instituto, así como para a difusión do patrimonio cinematográfico español realizado pola FilMOTECA Española, unha vez transcorrido o período de tempo desde a data da súa estrea que se indique nas bases reguladoras. En todo caso, a empresa produtora poderá manifestar a súa oposición ou condicionar o exercicio deste dereito cando considere de forma razoable que con isto se podería prexudicar a explotación desta.

Artigo 26. *Recoñecemento dos ingresos e do custo dunha película.*

1. O recoñecemento do custo dunha película, de acordo co establecido no artigo 13 da citada lei, realizarase para os efectos de computar o importe das axudas. O procedemento de recoñecemento do custo e do investimento do produtor establecerase mediante orde ministerial.

2. O recoñecemento dos ingresos de explotación dunha película efectuarase para os efectos de valorar a procedencia da devolución por reembolso das axudas percibidas, de acordo co previsto no artigo 20.2 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e conforme as bases da correspondente convocatoria. A determinación do importe dos ingresos obtidos e da contía do reembolso que debe realizar o beneficiario das axudas, así como o procedemento e os requisitos para executalo, determinaranse mediante orde ministerial.

3. O cálculo da base da dedución por investimentos en producións cinematográficas prevista no artigo 36 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto de sociedades, realizarase conforme a normativa reguladora do dito imposto.

Artigo 27. *Intransmisibilidade das subvencións.*

As subvencións son intransmisibles para todos os efectos.

Artigo 28. *Reintegro de subvencións.*

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora desde o momento do pagamento da subvención, nos supostos e conforme o procedemento establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro.

No suposto de incumprimento parcial, a fixación da cantidade que deba ser reintegrada determinarase en aplicación do principio de proporcionalidade e tendo en conta o feito de que o cumprimento se aproxime significativamente ao cumprimento total e os beneficiarios acrediten unha actuación inequivocamente tendente a satisfacer os seus compromisos.

CAPÍTULO IV

Organización administrativa

Sección 1.ª Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais

Artigo 29. Obxecto do Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais.

1. O Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais xestionará o Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais, cuxo obxecto é a inscrición das persoas físicas ou xurídicas titulares das empresas establecidas en España ás cales lles sexa de aplicación algunha das medidas previstas na Lei 55/2007, do 28 de decembro, que desenvolvan actividades de produción, distribución, exhibición e demais conexas no sector cinematográfico e audiovisual.

2. O Rexistro Administrativo de Empresas Cinematográficas e Audiovisuais é público e o seu acceso rexeráse polo disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Mediante orde ministerial estableceráse a súa estrutura en seccións por actividade.

3. As inscricións das empresas servirán para ter por acreditados ante o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais os datos correspondentes á súa personalidade e capacidade de obrar; os relativos á extensión das facultades dos representantes ou apoderados con capacidade para actuar no seu nome; así como a súa pertenza ao concreto sector de actividade de que se trate.

Para estes efectos, en calquera procedemento iniciado ante o Instituto por solicitude das empresas inscritas, unicamente se requirirá a presentación dunha manifestación expresa de que os datos que constan no Rexistro non sufriron modificación desde a súa inscrición ou, noutro caso, documentación suficiente que acredite as modificacións efectuadas, que serán, así mesmo, anotadas no Rexistro.

A inscrición dunha empresa no rexistro de empresas cinematográficas e audiovisuais propio dunha comunidade autónoma que o teña establecido comportará a súa inscrición na sección de actividade correspondente do Rexistro xestionado polo Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais. Con esta finalidade, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e a Administración autonómica cooperarán mediante o procedemento que se estableza de común acordo para facer efectivo o principio de eficacia en todo o territorio nacional das inscricións practicadas.

Artigo 30. Procedemento de inscrición.

A inscrición no Rexistro practicarase, na sección de actividade que corresponda, do seguinte modo:

1. De oficio, en relación coas persoas físicas e xurídicas titulares de empresas establecidas en España que desenvolvan actividades de produción, distribución ou exhibición cinematográfica e audiovisual. Neste caso, a inscrición producirase:

a) Cando os solicitantes de certificados, axudas e demais medidas previstas na Lei 55/2007, do 28 de decembro, se dirixan ao Instituto para iniciar o procedemento de que se trate, a inscrición practicarase en función da actividade que acrediten no citado procedemento.

b) Cando os titulares das salas de exhibición cinematográfica, con independencia de que revistan ou non forma empresarial, dirixan ao Instituto con anterioridade ao inicio da súa actividade a comunicación previa a que se refire o artigo 15, a inscrición practicarase de acordo cos datos que consten na dita comunicación.

2. Por solicitude do interesado, en relación coas persoas físicas ou xurídicas titulares de empresas establecidas en España que se encontren no suposto previsto no artigo 7.5 da Lei 55/2007, do 28 de decembro.

3. A notificación da inscrición realizaraa o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais:

a) Para as inscricións de oficio realizadas como consecuencia da iniciación dun procedemento ante o Instituto, no prazo establecido para a resolución do concreto procedemento de que se trate.

b) Para as inscricións de oficio das salas de exhibición, no prazo máximo dun mes desde a presentación da comunicación previa dirixida ao Instituto antes do inicio da súa actividade.

c) Nos casos de inscrición por solicitude dos interesados a que se refire o número 2, a notificación da inscrición ou a súa desestimación efectuarase no prazo máximo de 15 días desde a presentación da dita solicitude.

4. De non se notificar a inscrición no prazo indicado no número 3.c) para a inscrición por solicitude do interesado esta deberase entender estimada.

5. Cancelaranse de oficio as inscricións daquelas empresas que non realizen ningún trámite ante o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais nun período de cinco anos, o que se comunicará aos interesados.

Artigo 31. *Documentación.*

1. Cando os solicitantes de calquera procedemento que se tramite ante o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais non estean previamente inscritos no Rexistro, xunto coas solicitudes deberase achegar a seguinte documentación:

a) Se o solicitante é persoa física: autorización para que os seus datos persoais poidan ser consultados polo órgano instrutor mediante o Sistema de verificación de datos de identidade. En caso de non prestar a autorización expresa, o solicitante deberá achegar fotocopia do documento nacional de identidade ou do documento acreditativo da identidade de estranxeiros residentes en España ou tarxeta equivalente.

b) Se o solicitante é persoa xurídica: fotocopia da tarxeta de identificación fiscal; fotocopia da escritura de constitución co cadro de inscrición no rexistro público correspondente ou, se for o caso, certificación expedida polo titular do rexistro público en que esta se encontra inscrita, e documentación acreditativa da representación e capacidade con que actúa o seu representante legal.

c) En ambos os casos: xustificante do alta no Censo de empresarios, profesionais e retedores. O interesado poderá optar entre presentar o dito documento ou autorizar expresamente o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais para a súa obtención directa. Se se utiliza nome comercial, marca ou rótulo, acreditación da súa inscrición conforme a normativa reguladora da propiedade industrial.

2. No caso de empresas non españolas nacionais de Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo que pretendan acceder ás axudas, practicarase unha inscrición provisional con base na documentación acreditativa da personalidade xurídica, capacidade de obrar e representación con que actúe, que se deberá achegar coa solicitude da axuda. A inscrición definitiva practicarase unha vez efectuada a correspondente proposta de resolución da axuda en que a dita empresa resultase beneficiaria.

Sección 2.^a Órganos de apoio e asesoramento

Artigo 32. A Comisión de Cualificación.

1. A Comisión de Cualificación de Películas Cinematográficas é o órgano asesor da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais encargado de emitir informes sobre a cualificación por grupos de idade das películas destinadas á súa exhibición en salas cinematográficas e das demais obras audiovisuais non sometidas a autorregulación, de acordo co establecido no artigo 6.

2. A súa composición será a seguinte:

a) Presidencia: titular da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

b) Vicepresidencia: titular dunha das subdireccións xerais do Instituto, por designación da Presidencia.

c) Vogais: dez nomeados pola Presidencia entre persoas que, pertencentes a distintos grupos sociais que reflectan a pluralidade da sociedade española, estean vinculados ao ámbito cinematográfico e audiovisual; ao de consumidores e usuarios, cuxa designación será a proposta do Consello de Consumidores e Usuarios; ao pedagóxico; á defensa do menor; á igualdade de xénero; á atención á discapacidade, así como á defensa do ambiente, e reúnan as debidas condicións de aptitude e idoneidade para esta función.

d) Secretaría: a persoa designada pola Presidencia, de entre o persoal do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

Artigo 33. A Comisión de Axudas á Producción de Longametraxes e Curtametraxes.

1. Coa finalidade de asesorar a Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais na concesión das axudas á produción cinematográfica previstas na Lei 55/2007, do 28 de decembro, e sen prexuízo dos órganos de valoración específicos que para o resto das axudas se determinen nas correspondentes bases reguladoras, a Comisión de Axudas para a Producción de Longametraxes e Curtametraxes é a encargada da valoración das axudas reguladas nos artigos 25 e 27, respectivamente, da citada lei.

2. A súa composición será a seguinte:

a) Presidencia: titular da Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

b) Vicepresidencia: titular dunha das subdireccións xerais do Instituto, por designación da Presidencia.

c) Vogais: catorce vogais, nomeados pola Presidencia entre profesionais da cinematografía e o audiovisual que reúnan as debidas condicións de aptitude e idoneidade para o desempeño das funcións da Comisión, tanto pola súa experiencia como polos seus coñecementos sobre o financiamento no dito ámbito. Integranse, así mesmo, como vogais, tres representantes das comunidades autónomas, nomeados pola Presidencia por proposta da Conferencia Sectorial de Cultura.

d) Secretaría: a persoa designada pola Presidencia, de entre o persoal do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

3. A Presidencia poderá someter a informe da Comisión, ademais dos asuntos sinalados no número 1, calquera outro relacionado coas axudas á cinematografía ou á aprobación de proxectos de coproducións internacionais, así como solicitar a asistencia de dous expertos alleos, que actuarán con voz pero sen voto, cuxa presenza se considere necesaria por razón dos asuntos que se vaian tratar ou dos sectores afectados.

Artigo 34. Regras xerais de funcionamento dos órganos asesores.

1. Os órganos asesores previstos nos artigos anteriores rexeranse polo previsto nos capítulos II e III do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Na súa composición

velarase polo cumprimento do principio de presenza equilibrada de mulleres e homes de acordo co establecido no artigo 54 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. O titular da Presidencia, cuxo voto será dirimente en caso de empate para efectos da adopción de acordos, poderá regular mediante resolución o réxime de funcionamento destes órganos, así como distribuír tarefas entre os vogais ou crear os grupos de traballo que considere necesarios para o mellor desenvolvemento das funcións dos órganos, determinando a súa composición e funcións. En caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal, o titular da Presidencia será substituído polo titular da Vicepresidencia.

3. Ningún vogal poderá permanecer no cargo por un período superior a dous anos consecutivos nin participar, directa ou indirectamente, en proxectos cuxa valoración corresponda realizar ao órgano de asesoramento na concesión de axudas a que o vogal pertenza, durante o citado período, salvo renuncia escrita expresa deste, producida con anterioridade á constitución do órgano respectivo.

4. O funcionamento destes órganos será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, de acordo co disposto no artigo 2.2. do Real decreto 776/2011, do 3 de xuño, polo que se suprimen determinados órganos colexiados e se establecen criterios para a normalización na creación de órganos colexiados na Administración xeral do Estado e nos seus organismos públicos.

CAPÍTULO V

Verificación e control

Artigo 35. *Verificación e control.*

1. A verificación e o control respecto do cumprimento das obrigacións que se establecen na Lei 55/2007, do 28 de decembro, así como as desenvolvidas neste real decreto relativas á cualificación das películas e á súa publicidade, a comunicación previa dos titulares das salas de exhibición e demais normas que afectan estas corresponden ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais no ámbito da súa competencia.

2. As persoas físicas e xurídicas obrigadas ao cumprimento da citada normativa deberán facilitar as tarefas de verificación e control necesarias que leve a cabo o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e achegar a documentación que, conforme esta, se lles requira, así como facilitar o acceso á dita información tanto impresa como, se for o caso, a través do equipamento informático de que dispoñan.

3. No caso de que a verificación e o control se realicen mediante visitas ao domicilio social e/ou locais das persoas sinaladas no número anterior durante o seu horario de funcionamento, deberán estar en condicións de facilitar a documentación e información indicadas. Esta actividade levaraa a cabo persoal funcionario do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais debidamente acreditado ao cal se lle recoñeza condición de autoridade, que levantará a correspondente acta tras a práctica da súa actuación.

Unha das copias da acta entregarase ao interesado ou persoa ante quen se actúe, que poderá facer constar a súa conformidade ou a súa desconformidade respecto do contido. Outro exemplar da acta será remitido ao órgano competente para que inicie, se for o caso, o correspondente procedemento sancionador. Estas actas gozarán, salvo proba en contrario, de presunción de veracidade en canto aos feitos contidos nelas.

Artigo 36. *Procedemento sancionador.*

1. De conformidade co previsto no capítulo IV da Lei 55/2007, do 28 de decembro, o procedemento sancionador axustarase, no que sexa competencia dos órganos da Administración xeral do Estado, ao establecido no capítulo II do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, e ao Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

2. O procedemento sancionador iniciárase de oficio como consecuencia das actuacións de comprobación efectuadas polo órgano correspondente, así como das previstas no artigo 11 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

3. Será competente para ordenar a iniciación do procedemento a Dirección Xeral do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e para a instrución a Secretaría Xeral. A resolución dos procedementos sancionadores por infraccións moi graves corresponde á Presidencia do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais e a dos procedementos correspondentes a infraccións graves e leves á súa dirección xeral.

4. No caso de procedementos por infraccións en materia de subvencións, as sancións serán acordadas e impostas pola persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou, se for o caso, pola persoa titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co establecido no artigo 66 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

5. O prazo total para resolver e notificar o procedemento sancionador será de seis meses contados desde a adopción do acordo de iniciación. Nos supostos en que o procedemento se paralizase por causa imputable ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

Se non se dita resolución transcorridos seis meses desde a iniciación, tendo en conta as posibles interrupcións ou suspensións do procedemento, declararase a súa caducidade de acordo co establecido no artigo 44.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A resolución, que pon fin á vía administrativa, indicará os recursos que procedan contra ela e os prazos para a súa interposición.

Disposición adicional primeira. *Fomento da protección e defensa da propiedade intelectual.*

Co fin de contribuír á prevención das actividades vulneradoras dos dereitos de propiedade intelectual, que sinala o artigo 19.1.h) da Lei 55/2007, do 28 de decembro, e dentro do marco das medidas de fomento establecidas no artigo 33 da dita lei, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais poderá subscribir convenios con bancos e entidades de crédito cuxa finalidade específica sexa facilitar ás empresas o financiamento que permita o desenvolvemento de infraestruturas necesarias para a creación de portais web de descargas e/ou visionados legais de contidos cinematográficos e doutras obras audiovisuais.

Disposición adicional segunda. *Identificación das obras cinematográficas e audiovisuais.*

Para asegurar a identificación das películas cinematográficas e audiovisuais en calquera fase da súa produción, comercialización, distribución e exhibición, e permitir o intercambio de información coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, nos termos sinalados na normativa tributaria, para os efectos de verificar que o importe das deducións aplicadas por incentivos fiscais xunto co das axudas recibidas non superan a porcentaxe de intensidade máxima permitida, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais asignará a cada obra cinematográfica e audiovisual un código de identificación único no momento en que se realice calquera trámite relacionado coa dita obra.

Disposición adicional terceira. *Non incremento de gastos de persoal*

As medidas contidas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Real decreto 2062/2008, do 12 de decembro, polo que

se desenvolve a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, sen prexuízo do previsto na disposición transitoria única do Real decreto lei 6/2015, do 14 de maio, polo que se modifica a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, se conceden varios créditos extraordinarios e suplementos de créditos no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas de carácter tributario.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro dos seguintes títulos competenciais:
 - a) O capítulo I, os artigos 4, 5 e 7, de acordo co artigo 149.2 da Constitución.
 - b) Os artigos 6 e 8, ao abeiro do artigo 149.1.1.^a da Constitución.
 - c) Os artigos 9 a 19, o capítulo IV, o capítulo V e as disposicións adicionais primeira e segunda, ao abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución.
 - d) O capítulo III, de acordo cos artigos 149.1.13.^a e 149.2 da Constitución
2. Terán carácter básico os artigos: 9 a 14, 15, 16, 18 e 19.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e habilitación normativa.*

1. Autorízase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para que, mediante orde ministerial, estableza as bases reguladoras das axudas a que fai referencia o capítulo III, así como para ditar as disposicións necesarias para a súa aplicación.
2. Cando razóns técnicas ou de oportunidade así o aconsellen, a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, oídas as comunidades autónomas, poderá modificar as cualificacións das películas por grupos de idades a que se refire o artigo 6.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de decembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
ÍÑIGO MÉNDEZ DE VIGO Y MONTOJO